



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Secretaría Xeral

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono (24 h) e fax: 981 58 44 26

<http://www.arrakis.es/~alcrique/sghn.htm>

Excmo. Sr. Conselleiro
Consellería de Medio Ambiente
Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela

D. Bernardo Carrión Velasco, actuando en representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante S.G.H.N.) na súa calidade de Secretario Xeral.

Ante V.E. comparece e

EXPÓN: Que a S.G.H.N. foi informada por dous dos seus asociados sobre unha solta de cangrexos de río na canle do emisario de Antela (Sandiás, Ourense).

Que un equipo da S.G.H.N., desprazado ó efecto o 29-07-00, comprobou a presenza de cangrexos roxos americanos (*Procambarus clarkii*) de diversos tamaños na canle do emisario de Antela inmediatamente augas abaixo da ponte da estrada N-525, no concello de Sandiás (Ourense). Un grupo de 10 persoas que estaban a capturalo para consumo humano aseguraron que tamén o hai nunha charca areeira próxima, situada na márxen esquerda do cauce fluvial.

Que a introducción da devandita especie exótica supón un risco, non avaliado, sobre a conservación das especies da flora e fauna autóctonas da cunca do río Limia. Como exemplo das posibles repercusións, baste sinalar que *Procambarus clarkii* é vector de enfermidades, coma a afanomicose que diezmou as poboacións de cangrexo de río autóctono (*Austropotamobius pallipes*, que non existe en Galicia) noutras zonas de España.

Que a *Ley 4/89 de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres* establece, no seu artigo 27, que "La actuación de las Administraciones Públicas en favor de la preservación de la diversidad genética del patrimonio natural se basará principalmente en los siguientes criterios: ... b) Evitar la introducción y proliferación de especies, subespecies o razas geográficas distintas de las autóctonas, en la medida que puedan competir con éstas, alterar su pureza genética o los equilibrios ecológicos."

Por todo lo anterior, a V.E.

SOLICITA: Que a Consellería de Medio Ambiente poña en marcha, á maior brevidade posible, un plan para a erradicación do cangrexo roxo americano (*Procambarus clarkii*) na cunca do Limia.

É Xustiza que espera obter

En Santiago de Compostela a 2 de Agosto de 2000

O Secretario Xeral

Vº Bº el Presidente